



# Concello de Barbadás

## **BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE MECOS DE ENTROIDO DO CONCELLO DE BARBADÁS 2025**

Con motivo da celebración do Entroido 2025 a Concellería de Cultura do Concello de Barbadás convoca o concurso de Mecos de Entroido 2025, con arranxo ás seguintes bases:

### **1. Obxecto**

O Concello de Barbadás, ten como finalidade amosar os mecos que realizan os/as venciños/as, como unha das expresións máis tradicionais, organiza e convoca o concurso de Mecos de Entroido 2025, mediante convocatoria por concurrencia competitiva.

### **2. Requisitos**

Poderán participar calquera persoa ou grupo de persoas (asociacións veciñais, culturais, etc.) que presenten a súa solicitude no prazo e forma establecidos.

### **3. Forma e prazo de presentación**

- O prazo de presentación será dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia e ata o día 14 de febreiro de 2025 ata ás 12:00 h. da mañá.
- A inscrición realizarase a través do formulario en liña, que estará dispoñible na páxina web: [www.barbadas.es](http://www.barbadas.es). Coa inscrición será preciso para formalizar a participación no concurso enviar unha foto do meco (unha única imaxe por inscrición que deberá realizarse nun punto xeográfico dentro do concello, onde deberá estar exposto).

### **4. Publicacións**

Todas as publicacións se efectuarán na sede electrónica municipal Concello de Barbadás. Cimadevila nº 1 32890 Barbadás Telf. 988360000 Fax 988360401 Cif: P-3200900C (<https://barbadas.sedelectronica.gal>) e na páxina web municipal (<https://www.barbadas.es>). Ademais de ser publicadas na Bases de Datos Nacional de Subvencións. A convocatoria, xunto coas bases, será publicada así mesmo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

### **5. Procedemento**

A aprobación das bases e a convocatoria será por Resolución de Alcaldía.

A tramitación do expediente corresponderá a Concellería de Cultura.

Na web do Concello de Barbadás ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)) habilitarase un formulario onde as persoas interesadas poderán votar telemáticamente, entre os días 14 de febreiro ao 24 de febreiro de 2025 ambos incluídos.

Os premios serán adxudicados por orde aos participantes que obtivesen máis votos telemáticos.



# Concello de Barbadás

Por Resolución de Alcaldía, á vista da decisión do Xurada, previa presentación por parte das persoas premiadas da declaración xurada de atoparse ao corrente de pagamento coa Facenda estatal, autonómica e local así como coa Seguridade Social, procedese a concesión dos premios, que se publicará conforme o establecido no apartado 4 das presentes bases. A publicación terá a consideración de notificación a todos os efectos.

O prazo máximo para a publicación da resolución será o día 28 de febreiro de 2025.

## 6. Premios

Establécense os seguintes premios:

- 1º premio: 300 €.
- 2º Premio: 200 €.
- 3º Premio: 100 €.

O pago dos premios realizarase mediante transferencia bancaria, presentando se é o caso, certificación da exención do IVE. Nos demais casos, as compensacións económicas estarán suxeitas ás retencións que correspondan en función da normativa fiscal.

## 7. Disposicións adicionais

1. A participación no concurso de Mecos de Entroido 2025 suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.
2. O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.
3. En todo o non disposto das presentes bases estarase ao disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Barbadás e na lexislación estatal e autonómica na materia.
4. Non están previstas a constitución de garantías, o abono anticipado de pagamentos nin circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poidan dar lugar a modificación da resolución.
5. Será de aplicación o réxime de recursos establecido no Título V da Lei 39/2015.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.